# MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

## CONSELLERIA: SANIDADE

### 1. INTRODUCIÓN

| | |
|---|---|
| **Código RPT:** | SA-2026-002-M |
| **Descripción:** | amortización e creación de dúas prazas |
| **Obxecto da proposta:** | Amortización e creación de dous postos de Inspector/a veterinario/o de saúde pública de Matadoiro |

Esta modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade ten como obxectivo a amortización de dous postos e a conseguinte creación doutros dous, en ambos casos correspondentes inspector/a veterinario de saúde publica de Matadoiros.
Esta modificación de RPT non implica unha nova denominación e recodificación de postos.

### 2. MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN EN POSTOS DA CONSELLERÍA

### 2.1 CREACIÓNS

#### 2.1.1 POSTOS FUNCIONARIOS

**Motivo do Cambio:** CAMBIO NON ORGÁNICO
**Xustificación Textual:**

- Posto no departamento territorial da Consellería de Sanidade na CORUÑA: A Comarca de Melide está dotada na RPT vixente cun único posto de inspector/a veterinario/o de saúde pública de Matadoiro, que presta servizos no Matadoiro Avícola Avigrao en Melide.

A complexidade das funcións da inspección e a carga de traballo (de conformidade coa memoria xustificativa que achega o Departamento Territorial da Coruña), evidencian a necesidade de dotar a este matadoiro cun segundo posto de inspector veterinario. De non facelo, imposibilitaríase atender a inspección veterinaria da actividade deste matadoiro e o normal desenvolvemento da súa actividade económica, dado que o responsable deste establecemento xa ten manifestado reiteradamente que vaise continuar co aumento da actividade do matadoiro, ata duplicar a mesma, o que sería inasimilable coa dotación actual.

- Posto no departamento territorial da Consellería de Sanidade en OURENSE: Constatouse (de conformidade coa memoria xustificativa que achega o Departamento Territorial de Ourense) o aumento da carga de traballo no matadoiro de Beade-Ribadavia debido á tipoloxía de gando recibido para o seu sacrificio, observándose un aumento de gando vello e de animais para o sacrificio de urxencia, o que fai necesario reforzar o cadro de inspectores/as veterinarios/as deste matadoiro cun efectivo adicional, para os efectos de poder asumir as segundas taxacións solicitadas polo operador do establecemento, así como o incremento significativo da carga de traballo que xera o establecemento.

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (02/07/2026 19:08 CEST)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-6de05d61-6a27-49bb-93ee-e0b247776d183

| C. Destino | Código posto | Denominación | Niv. | Grupo | F.Pro. | Corpo/Escala | Adm. | A.Fun. | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: SANTIAGO) | SAC992000515770042 | INSPECTOR/A VETER. SAÚDE PÚBL. MAT.COMAR. MELIDE | 24 | A1 | C | ESV | AXG | | |
| SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: OURENSE) | SAC992000532001053 | INSPECTOR/A VETER. SAÚDE PÚBL.MAT.COMAR. RIBADAVIA | 24 | A1 | C | ESV | AXG | | |

## 2.2 AMORTIZACIÓNS

### 2.2.1 POSTOS

**Motivo do Cambio:** CAMBIO NON ORGÁNICO
**Xustificación Textual:** Amortizar o posto de Inspector/a Veterinario de Saúde Pública de Matadoiro comarcal de Xinzo de Limia, vacante por tratarse dun matadoiro con baixa definitiva de actividade.

| C. Destino | Código posto | Denominación |
|---|---|---|
| SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: VERÍN) | SAC992000532840021 | INSPECTOR/A VETER. SAÚDE PÚBL. MAT.COMAR. X. LIMIA |

**Motivo do Cambio:** CAMBIO NON ORGÁNICO
**Xustificación Textual:** Amortizar o posto de Inspector/a Veterinario de Saúde Pública de Matadoiro na Coruña, vacante por xubilación do titular en 16/12/2025.

| C. Destino | Código posto | Denominación |
|---|---|---|
| SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: A CORUÑA) | SAC992000515001018 | INSPECTOR/A VETER. SAÚDE PÚBL. MAT.COMAR. A CORUÑA |

En definitiva:
A presente proposta ten por obxecto a redistribución de efectivos de persoal inspector veterinario de Saúde Pública de matadoiro, coa finalidade de adecuar a dotación de persoal ás necesidades reais derivadas da actividade dos distintos establecementos.

Estas creación e amortizacións responden ás seguintes necesidades funcionais:

- No matadoiro de Ribadavia-Beade, produciuse un incremento significativo da carga de traballo derivado, entre outros factores, do aumento dos sacrificios de urxencia, incidencias de benestar animal, comisos e volume de xestión documental, o que fai necesario reforzar o cadro de persoal inspector.

- No matadoiro da comarca de Melide, a existencia dun único posto de inspector veterinario resulta insuficiente para asumir a actividade ordinaria e extraordinaria do establecemento, con

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (02/07/2026 19:08 CEST)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-6de05d61-6a27-49bb-93ee-e0b247776d183

prolongacións de xornada e risco para o normal funcionamento do mesmo.

• Pola contra, o posto de Xinzo de Limia resulta amortizable debido ao peche definitivo do matadoiro, mentres que o posto da Coruña se atopa vacante por xubilación, permitindo a súa redistribución.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A secretaria xeral técnica
Natalia Lobato Mosquera

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (02/07/2026 19:08 CEST)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-6de05d61-6a27-49bb-93ee-e0b24776d183